

Buenos Aires, de de 1965

Querido pai: Este día veu a bordo un grupo de mantemento de buques no que había un galego que logo entrou en conversa comigo. Axiña descubrimos que eramos irmáns na fe e non tardou en relatarme detalles da súa historia persoal que che reproduzo segundo as notas que tomei e ordenei, evitando detalles de identificación, para que saibamos o que pasou e non se pode contar. A carta vai por boa man, pero aínda tomo precaucións que ben podes comprender.

“Os meus bisavós xa eran evanxélicos, e foron enterrados entre ladrillos nun recanto do cemiterio cando os papistas, ata os máis pobres, se enterraban entre boas pedras.

Os avós eran panadeiros e tiñan unha alta estima popular. Na panadería compraba o crego.

Os ingleses sabían ben das leis de culto en España, e non se deixaban bater. Pero botáronos durante a guerra e ficamos sen protección.

Na revolución do 18 de xullo, os militares andaban a varrer os arredores a tiros. Unha bala pasou a rente dos corpos dos meus pais e cravouse na parede.

Durante a guerra os pescadores vivían aterrados, sacando nas redes veciños mortos. Desde a casa escoitabamos os berros das mulleres ás que os falanxistas lles rapaban a cabeza e lles arrincaban o pelo.

Ao primeiro mestre da nosa escola, don Bernardo, sacárono da casa e máis nunca o viu ninguén. Era moi querido, de esquerdas.

O mestre que veu cando fusilaron o outro mantíñame de xeonllos porque eu non sabía os rezos. Os xoves facíame aprender o catecismo tamén de xeonllos. Cando lle petaba facíame erguer o brazo coa man estricada como os falanxistas e responderlle “Sin pecado concebida” ao “Ave María Purísima”. Chamábame “el hereje” e non me deixaba saír a ouriñar cando tiña necesidade. Eu aguantaba o que podía, xuntando as

pernas, e, cando me escapaba o mexo, os nenos ríanse de min por herexe.

No colexio roubábanme o pan que me daba a avoa, pero eu sempre comprendín a extrema necesidade dos que se mofaban de min e me chamaban herexe.

Meu pai tiña unha boa carpintería de ribeira, pero era imposible armar barcos por falta de equipamento. España estaba bloqueada e nunca lle entregarían un motor importado, novo, a un herexe tendo necesidade xente de motores adicta. Na carpintería facíanse os cascos pero cumpría esperar a que varase para sempre un barco vello para lle sacar o motor, e había que se conformar con eses motores que se arrincaban a manivela, que necesitaban dous tipos forzudos a lle botaren corazón á manobra.

O meu vello cansouse de tanta discriminación e decidiu pechar e emigrar en 1951, a este país que, daquela, era un polo magnético.

Vin para aquí co pai porque mamá se empeñou en que non fixese o servizo militar pois da mili volvían tuberculosos moitos. Fixen vinte anos a bordo do *Alcántara* fronte a Montevideo.

A avoa sabía que, tarde ou cedo, eu ía marchar. E, como estaba farta de adeuses, foime clara. Díxome. “Cando marches, non te veñas despedir de min”. E funme sen vela. E nunca máis a vin.

Emigrar é ir a onde non se sabe o que nos espera. Pero na Arxentina esperábanos comida e traballo.

Foinos ben ao pai e a min, a facermos iates a motor en madeira nun estaleiro en Tigre. Traballabamos de carpinteiros e mecánicos navais. Traballabamos moito, a punto de os arxentinos se revolveren. Aqueles homes tiñan un sistema para a trampa: un compañeiro vixiaba se viña o capataz mentres os outros botaban a sesta. Pai e fillo traballabamos segundo nos mandaba a consciencia. Os compañeiros dicíannos “Gallegos, déjense de joder” e estragábannos as ferramentas.

Logo de nós estarmos ben colocados, veu o resto da familia.

Entramos en contacto cos irmáns de fe por medio da familia Troitiño do Seixo, que vivía no Tigre. Pero en calquera sitio había igrexas protestantes. Viamos predicar con fervor e decisión no medio da vía pública. Aquilo era Evanxeo vivo.

A igrexa que chamaron “de los gallegos” naceu de predicar na rúa, con irmáns que fuxiran dos apertos e as persecucións de Vigo. Da rúa pasaron a un localíño reducido antes de chegar a unha capela ampla. Destacáronse Domínguez e Pérez Sío.

O noso obxectivo de vida é predicarmos o Evanxeo ata nos confíns da terra; pero eu penso que eses confíns ás veces están moi preto. Velaí as cadeas e os centros de detención.

Eu dedico o meu tempo libre a visitar eses lugares falando da maternidade espiritual de nosa Igrexa. Falo a detidos e reos, a homes inmersos no pecado, de naceren de novo, de como faceren para seren salvos.

Policías e carcereiros acóllenme de boa vontade, como poder acoller un crego. Sen diferenzas, porque a Arxentina é un país libre.”